

Consulta pública sobre medidas de apoio de cobertura de telefonía móbil en zonas rurais de Galicia

INTRODUCCIÓN

Galicia é unha das rexións máis rurais de España, que a pesar de contar con só 2,7 millóns de habitantes, ten preto da metade dos núcleos de poboación de todo o Estado, con case a metade da súa poboación (39,5%) residindo en núcleos de menos de 500 habitantes.

A pesar dos grandes esforzos realizados no pasado, que permitiron ter unha cobertura móbil do 98% da poboación de Galicia, aínda existen territorios nos que non é posible acceder a servizos de telefonía móbil (zonas rurais illadas e espazos naturais), un servizo esencial necesario para o acceso aos servizos de emerxencia, como o teléfono 112 ou o sistema de chamada de emerxencia de automóbiles eCall, e que reduce o illamento no que se ven inmersas as zonas máis rurais.

Constatouse a falta de interese do mercado en suplir estas deficiencias, pois os custos asociados ao investimento e mantemento do servizo non os fan atractivos, tendo en consideración a baixa rendibilidade económica esperada, e tampouco existen actualmente obrigas para que se garanta este servizo, polo que non hai previsión de mellora.

Por este motivo, para resolver estas carencias e facilitar a prestación destes servizos, a Xunta de Galicia propónse a execución de medidas de apoio para dotar de cobertura de telefonía móbil en zonas rurais e illadas que carecen da devandita cobertura, é dicir, zonas nas que non se poden realizar actualmente chamadas de voz con redes de telefonía móbil con ningún operador.

Así, en decembro de 2019, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) asinaron un acordo marco de colaboración para a posta en marcha destas medidas. No marco deste convenio, a Fegamp abriu no primeiro trimestre de 2020 un período de consulta a entidades locais de Galicia, dando como resultado a adhesión a este acordo de máis de 90 entidades locais coa identificación de máis de 1.000 zonas con posibles problemas de cobertura.

Unha vez levantadas as restricións derivadas do Estado de Alarma con motivo do COVID-19, levouse a cabo un proceso de verificación de cobertura en todas as zonas identificadas, en colaboración coa Asociación de Enxeñeiros de Telecomunicación de Galicia (AETG), dando como resultado unha lista de zonas con problemas de cobertura de telefonía móbil, que se somete á actual consulta.

Propónse levar a cabo unha convocatoria de axudas en réxime de concorrencia competitiva dirixida a operadores de telefonía móbil para a cobertura das zonas obxectivo resultantes deste proceso de consulta, que se vería complementada coa construción de infraestruturas de soporte públicas (torres e casetas) naqueles casos nos que resultase preciso para a prestación destes servizos.

OBXECTIVO DA CONSULTA

O obxectivo desta consulta é solicitar a opinión dos suxeitos e organizacións potencialmente afectadas por esta medida, en concreto:

- Información dos operadores de telefonía móbil relativa á existencia, ou non, de plans de despregamento cribles a realizar nos próximos 3 anos que puidesen mellorar a cobertura



de telefonía móbil, permitindo prestar servizos de voz, nalgunha das zonas que se inclúen no ANEXO I da presente consulta pública. A este respecto os operadores deberán achegar información detallada dos plans de despregamento e as zonas afectadas polos mesmos.

- Solicitar as observacións que se estimen oportunas respecto da proposta de medida que se describe no ANEXO II da presente consulta pública.

ÁMBITO

A consulta pública está aberta a todos os suxeitos e organizacións potencialmente afectadas por esta medida.

PERÍODO DA CONSULTA

A consulta estará aberta ata o día 10 de decembro de 2020.

RESPOSTAS Á CONSULTA

As respostas a esta consulta pública deberán remitirse a través do correo electrónico sociedade-dixital.amtega@xunta.gal, indicando no asunto RESPOSTA Á CONSULTA PÚBLICA MEDIDAS APOIO COBERTURA TELEFONÍA MÓBIL.

Só serán consideradas as respostas nas que o remitente estea claramente identificado.

Con carácter xeral as respostas e achegas recibidas consideraranse susceptibles de difusión pública. As partes da información remitida que, a xuízo do interesado, deban ser tratadas con carácter confidencial e en consecuencia non proceda a súa libre difusión, deberán ser especificamente sinaladas e identificadas no propio texto da achega, e deberá xustificarse de maneira motivada as razóns polas que se solicita o seu tratamento confidencial. Non se terán en conta para estes efectos as mensaxes xenéricas de confidencialidade da información.

DOCUMENTACIÓN DA CONSULTA

- ANEXO I: lista de zonas con problemas de cobertura de telefonía móbil.
- ANEXO II: descrición da proposta de medida de axuda ao despregamento de redes de telefonía móbil.

DATOS DE CONTACTO

Oficina do Plan de Banda Longa
Área de Sociedade Dixital
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)
Xunta de Galicia
Tel: 981957868
oficina.bandalarga@xunta.gal

O xerente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
José Luis Somoza Digón

